

## XII Encontros na Terra Chá



Figura 1

O sábado día 28 de xuño de 2003, na ermida de San Alberte, no concello de Guitiriz, tiveron lugar os XII Encontros na Terra Cha. Este ano estiveron dedicados á figura do Director do Museo de Viladonga, don Felipe Arias Vilas. A mesa (Fig. 1) estivo presidida polo poeta Manuel María Fernández Teixeiro, acompañado polo catedrático da Universidade de Santiago, don Fernando Acuña Castroviejo, o catedrático de ensino medio, don Francisco Calo Lourido, o director do Museo do Pobo Galego, don Carlos García Martínez, e o director do Museo Arqueolóxico de Ourense, don Francisco Fariña Busto. Todos eles fixeron homenaxe a don Felipe Arias, abordando a súa figura tanto desde a faceta persoal, como desde a científica.

Acto seguido, celebrouse un xantar na carballeira de San Alberte, no que participou o numeroso público que asistira ó acto, e entre o que se

encontraban representadas distintas asociacións culturais. Na sobremesa, o “Tolo do Castro” (Fig. 2), collendo prestada a voz amiga de Xosé Manuel Carballo, quixo sumarse á homenaxe cunhas reflexións arqueolóxico-filosóficas que foron moi ben recibidas polos presentes (Fig. 3).

Pois ben, a Asociación de Amigos do Museo de Viladonga, por medio do noso voceiro, **Croa**, quere facer chegar a noticia de tan merecida homenaxe e, ademais, expresar o noso recoñecemento ó labor científico que don Felipe Arias desenvolve no Museo, e no seu traballo constante na difusión do coñecemento da Cultura galaico-romana. Como creador do Museo el é a razón de ser da nosa Asociación; como promotor, fundador e vocal nato das súas Directivas, vemos os que temos a sorte de traballar perto del a súa vontade e a súa entrega para que as actividades e a mesma Asociación non esmorezan.

*Dámoslle as gracias a don Carlos García Martínez porque tivo a amabilidade de deixarnos publicar o discurso que pronunciou na ermida de San Alberte, e que segue a estas liñas, pero non sen antes deixarnos testemuña da nosa gratitude e afecto a don Felipe Arias no plano persoal e afectivo, e da nosa admiración e respecto polo seu labor historiográfico e museolóxico. ¡Parabéns e moitas gracias, Felipe!*

### COMENTOS DENDE A AMIZADE PARA FELIPE ARIAS

*Carlos García Martínez*

Santiago, 1966. Felipe Arias comeza a estudar a carreira de Filosofía e Letras no vello caserón da Universidade, cabe o cumio do antergo castro que diu paso a Compostela. É unha universidade que vive aínda de costas a Galicia.

A súa proxección como tal institución universitaria na cultura galega era por entón escasamente apreciable. Nela ecoaba con pouca relevancia a dinámica que se estaba a producir fundamentalmente dende 1950, cando un grupo de intelectuais tan diverso como valioso inicia un movemento para manter a idea de compromiso co país e defender a súa realidade histórica, social, económica e cultural.

A situación de atonía da Universidade, evidentemente, distinguía tamén, agás algún caso, o eido da arqueoloxía e a historia antiga, e non digamos o da etnografía e a antropoloxía.

Pola contra, a galeguización do sector estudiantil é, a partir de 1968,



Figura 2

manifesta. Este proceso de concienciación nacionalista acentúase nos medios universitarios á par dos planteamentos reivindicativos propios do sector, con claros obxectivos que se traducen na utilización do idioma galego, na asunción da cultura e da súa problemática socioeconómica e a súa divulgación.

Naturalmente, este ambiente ha propiciar tamén o interese pola arqueoloxía, a historia antiga ou a etnografía galegas, e moitos dos seus estudiosos no derradeiro tercio do século XX han saír deste contexto.

Endebén, fóra da universidade existía en Compostela o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (IPS), adscrito ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas, creado en 1944 como arremedo do Seminario de Estudos Galegos (SEG), aquela modélica e comprometida institución, aniquilada polo réxime franquista. No novo centro haberían participar algúns dos seus antigos membros, levando a cabo durante anos baixo un silencio mar-

xinado, un importante labor historiográfico e no que Fermín Bouza Brey continuaba a tradición dos estudos arqueolóxicos, na liña aberta na preguerra por Florentino López Cuevillas.

Andados poucos meses do ano 1967, cando Compostela vivía xa os preludios do abril-maio do 68, Fernando Acuña, Xosé Manuel González Reboredo e mais eu coñecemos a Bouza Brey. Como home do SEG sabía que todo aquel traballo desenvolvido, aqueles todos anceios, precisaban de continuidade e renovación. E así, foi quen de aglutinar un grupo de rapaces e transmitirles o seu maxisterio, o seu amor á ciencia e o seu amor a Galicia.

A proposta de Bouza, créase no seo do IPS en novembro de 1967 unha sección ou seminario de prospeccións antropolóxicas, etnográficas e arqueolóxicas, que viña ser proseguimento da vella sección que dirixira Cuevillas e que andando o tempo habería de se converter nunha das máis dinámicas e anovadoras da institu-

ción. Imprímelle unha fasquía semelante á das vellas seccións do Seminario, nas que de par do aspecto teórico pulábase o labor en equipo e o traballo de campo.

Aos poucos van ingresando na Sección, que pasaría a retomar o vello nome de Arqueoloxía e Prehistoria, novos membros. Felipe Arias faino en 1971, unha vez rematada a súa carreira de Filosofía e Letras.

Non hai dúbida de que a pertenza a aquel Instituto Padre Sarmiento ha ter especial importancia na formación científica do noso homenaxeado e na asunción do compromiso galeguista.

Naquel centro converxeron, e alí gozamos do seu saber e amizade, varios dos homes superviventes do antigo Seminario, que na súa maioría foran represaliados: Otero Pedrayo, Antonio Fraguas, Ramón Martínez López, Xaquín Lorenzo, Carballo Calero, Filgueira Valverde, Xesús Carro ou o propio Bouza Brey.

Ao seu carón aprendemos e iniciámonos no coñecemento e investigación da prehistoria, da arqueoloxía e da etnografía, ao tempo que descubrimos a recente memoria histórica do país que eles axudaran a refacer. Felipe Arias, como todos nós, é moi consciente da inmensa débeda que temos con aqueles homes que nos momentos en que Galicia se achaba no tronso da longa noite de pedra, cun vivir cada vez menos de seu, cada vez máis alleo, e na espera de tempos mellores, non se deron por vencidos.

Felipe Arias foi o cuarto Director da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto Padre Sarmiento, direc-

ción confirmada en reiteradas ocasións. Sucedeu a López Cuevillas, Bouza Brey e Taboada Chivite, ilustres mestres que o precederon.

Forma parte dese grupo de investigadores que dende a década dos anos setenta do século pasado depararon unha modernización nos eidos da arqueoloxía, da historia antiga e da museoloxía de Galicia.

Da súa laboría como arqueólogo, do seu papel no eido dos museos ou da actividade ao fronte da sección do Sarmiento teñen falado Acuña Castroviejo, Fariña Busto e Calo Lourido. Pola miña parte, gustaría salienta-la súa contrastada traxectoria algúns trazos da súa personalidade que considero definidores para achegármolos á súa face intelectual.

En primeiro lugar, sinalaría a súa predisposición para todo quefacer colectivo, moi na liña practicada polo Seminario e defendida polos vellos mestres do Sarmiento, e que propiciou el mesmo dende a Sección de Arqueoloxía, dende o Museo do Castro de Viladonga e participando na creación e no desenvolvemento de institucións como o Museo do Pobo Galego ou o Consello Galego de Museos, e prestando sempre a súa desinteresada contribución a toda empresa ou iniciativa que o requirira.

Esta propensión para o labor en equipo, lonxe de todo protagonismo persoal tan en uso hoxe noutros eidos, vai da man da súa entrega á angueira na que se compromete. E isto sabémolo ben os que con el temos colaborado. A súa dedicación e interese polo traballo que leva entre mans é un referente que vai máis alá do seu círculo de propincos. Habería



Figura 3

que engadir a decisión, a preparación e a seriedade coa que defronta o labor e a perseveranza para lle dar cimo.

Xunto todo isto está tamén a súa disposición aberta á colaboración, a acudir ao que se lle solicite e a continuar nesa tarefa de achegar a todos os seus coñecementos con largueza. E sempre presente, a amizade.

Coa brevidade precisa, quixera comentar agora dous aspectos que entendo substanciais para caracterizar o labor dilatado de Felipe Arias a prol da cultura galega.

O seu traballo de investigador, feito con constancia e rigor, non é algo aséptico que se circunscriba a un indiferente profesionalismo. Insírese, pola contra, nas concepcións epistemolóxicas que explicitaron nidiamente os homes da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Gallegos, para os que a demostración da existencia dunha historia e dunha cultura específicas e o seu coñecemento nordeábanse á reconstrucción histórico-cultural de Galicia e afirmaban a súa personali-

dade como pobo. A definición dese ser diferenciado víase fundamental e necesaria para facer consciente colectivamente a identidade e validar, no seu caso, a elección do futuro como comunidade.

É pois o seu, un traballo intelectual que debe entenderse como un acto militante a favor dunha cultura e do pobo que a conformou no devir dun tempo histórico. Suliñaría nesta dirección as súas investigacións sobor da caracterización da cultura castrexa; do impacto da romanización, a xestación e definición da xenuina cultura galaico-romana; da transición do mundo galaico romano ao reino dos suevos; ou do proceso de xermanización. Momentos todos eles de suma importancia para a formación histórica de Galicia.

Doutra man habería que sobrancear a súa especial atención ao patrimonio cultural, a súa forma de comprenderlo e a preocupación pola súa conservación e potenciación. Entende o patrimonio como un herdo do pasado que, por suposto, estamos na obriga de preservar e dar a coñecer, pero

sobor de todo de o transmitir ás xeracións futuras.

O patrimonio cultural non se limita só ao acervo de mobles e inmobles con significado artístico, senón que está constituído por todos os elementos, tanto materiais como inmateriais, que corresponden aos niveis tecnoeconómico, social e ideolóxico que integran toda cultura e que son expresión dos grupos sociais que forman unha comunidade.

Dende esta perspectiva, o patrimonio é parte destacada da urdime da nosa identidade como pobo. Resulta obvia, por tanto, a necesidade da súa defensa, conservación e transmisión. Pero tamén o patrimonio cultural é un dos activos básicos máis idóneos para xerar rendabilidade coa súa adecuada posta en valor.

Dentro destes dous parámetros, o patrimonio como sinal identitario e a procura de darlle novos usos, creando as condicións para que a súa preservación se valide polo proveito que se tire da súa valorización, desenvólvese a actividade de Felipe Arias no que atinxe á realidade patrimonial de Galicia.

Foi sempre consciente de que factores como a abundancia e a variedade dos nosos bens culturais e a súa particular dispersión actuaron en parte como causa do seu descoñecemento e abandono, así como o proceso acelerado de cambios que se levan producindo na nosa sociedade, a súa deficiente xestión e, cómo non,

a incuria, case sempiterna, das administracións chamadas a coidar del ou a escasa transcendencia que acadou nunha sociedade á que se lle substraen a súa memoria histórica, conduciron irremediabilmente á desprotección do patrimonio cultural e á perda da función e uso, que leva a propia desaparición. A emendar esta situación dedicou Felipe Arias o seu empeño.

Eis o afán posto na confección de catálogos e inventarios para rescatalo da ignorancia e poder, a partir deles, avaliar o estado dese patrimonio cultural e establecer unha diagnose para deseñar as actuacións de preservación, divulgación e posta en valor.

Eis tamén a denuncia reiterada perante organismos e institucións polas desfeitas e atentados que un día si e outro tamén sofren ao largo do país os nosos bens culturais e a participación activa en todo movemento ou campaña que axude a mellorar a saúde daqueles. Actitude decidida e combativa que o levou a ter controversias e que lle ocasionaría non poucas contrariedades.

Velaí os seus traballos publicados verbo da problemática de diversos aspectos do noso patrimonio, que o fan ocupar un posto sobranceiro entre os especialistas nesta temática e a súa arela por difundila.

Sempre observou con preocupación que a concienciación social sobor do patrimonio cultural estaba lonxe da racionalidade que require a súa

preservación e posta en valor. Esta percepción incitouno a contribuír e a fomentar accións divulgativas que propiciaran o seu coñecemento co fin de lograr unha nova dinámica na sociedade cara este importante eido da cultura e que deparase a súa asunción como trazo fundamental da nosa personalidade colectiva, e consecuentemente a súa conservación, porque é sabedor de que a perda dalgún elemento do patrimonio cultural, supón sempre a perda dun anaco da nosa propia identidade.

Parabéns á agrupación cultural *Xermolos* de Guitiriz por ter dedicado a Felipe Arias esta duodécima edición dos Encontros da Terra Chá. Os seus méritos afiuzan esta escolla. No homenaxeado concorren algunhas características que o converten asimesmo nun galego exemplar.

Todos os recoñecementos son poucos para agradecer ás persoas a dedicación a favor da comunidade. Non hai dúbida do seu papel alentador, aínda que Felipe Arias ande sobrado de folgos para seguir arreo na laboura, co entusiasmo que el sabe pór, e coa esperanza de acadar ese país mais de noso que degoiramos.

Esa esperanza que infunden os versos de Hölderlin no seu Himno á Liberdade e que acaen ben co traballo de Felipe Arias:

*Todo canto foi presa do tempo  
Florece de novo mañá máis fermoso*